



---

Desde as ruinas orgullosas de Orfeo.

---

Lema: *Inferno de encefálicos tacóns.*

Xavier Lavea López

---



Qué é iso que me impulsa a oubear nas tumbas,  
qué é iso que me obriga a escarbar irrestiblemente  
no pó  
onde dormen os namorados en descomposición

**(Louis Aragon)**

A soidade do ceo compréndese na cruz.

**(Juan Eduardo Cirlot.)**



## Desde as ruínas orgullosas de Orfeo.

---

-I-

Suponse que no eco da súa lira aboiaba o contrabando das  
almas, a nostalgia aceirada dunha folla de afeitar  
infatigable,

dunha folla de afeitar capaz de abrir gabias entre as ruínas  
da morte,

de roturar os precipicios orbitais do sangue para arrolar aos  
corvos que anuncian unha eternidade perfeccionable.

Falemos de Orfeo ou da súa sombra ambigua,

do músico asaltado polo insomnio das sereas,

do poeta que se redime dos eclipses co esterco perfumado dos  
sofistas,

do navegante de Argos que canta desafiante sobre as cicatrices  
entrelazadas do vento.

Falemos de Orfeo ou da súa estela crebantada,



do posuidor da maxia oxidada do Logos entre as noites  
vixiantes e o azar alapado do destino,

do *descensus ad inferos* que é a un tempo soño desecado de  
redención e prófugo remordemento.

Si, falemos de Orfeo

e con el dos penitentes eternos: de Quincey, Lautréamont, de  
Rimbaud e Wilde, de Ezra Pound, de Dylan Thomas.

Falemos coa lingua bífida de todos eles: dos famentos, dos  
desconsolados, dos caídos,

da estirpe dos que turran na vida co alfabeto todopoderoso e  
traidor dos confíns.



Escoita, Caronte, a cadencia oblicua dos afogados en leitos  
onde a eternidade brúa ameazada.

Ti sabes vadear entre os pantanos onde xacen enterrados os  
fariseos e os espíritos derrubados pola couza.

Es capaz de navegar entre augas envelenadas,

entre arcanxos delirantes que oubean coma lobos fatigados  
desde os vales incendiados da noite,

entre saurios que modelan o seu abraio como se na súa amígdala  
colérica cribasen un longo terror melancólico.

Ti lévasnos, vello remeiro, cara á entrada do Hades,

alí onde o can Cérbero semella o vixiante notarial que pescuda  
os mercurais cavorcos da nosa fantasía e do noso  
desengano.

Ben sabes que o home é (lémbrenolo Heidegger cada día) un ser  
para a morte.

Todo é continxencia. Só a morte coa súa perseveranza titánica,  
resulta esencial e inevitable.

Só a morte, que xermola entre os trollos da desmemoria, vence  
aos disfraces.



Á fin, como a hiena traidora, triunfa sempre sen grandeza.

E ti, Caronte, remeiro de eternidade e xeo,

es o anxo fidel do insomnio,

o que custodia ese sistema intransferible de navegar cara á  
Nada cos esqueletes contaxiados polos estigmas do  
fracaso.

Só Orfeo é capaz de engaiolarte coa súa voz purificada nos  
eclipses do tempo e de descender ao mundo soterrado  
para retornar ao da vida insepulta.



Ser como Orfeo e descender aos infernos,

coñecer as hortas de sal, as bóvedas baixo as que resoa o  
horror, os mercados secretos do esgazamento.

Escoitar os salmos entoados por almas dementes, polas linguas  
excrementicias que vomitan oracións de impotencia  
nunha eterna noite sen fisuras.

Ser como Orfeo e percorrer as galerías da pavora,

o estertor dun século que crucificaba lúas agoniantes en  
Verdún, en Guernica, en Stalingrado, en Dachau, nos  
gulags imposibles, en Hiroshima, en Vietnam.

O inferno está aí, como un epitafio de lume e de bulleiro, na  
causa comunal da historia.

Só hai que mirar atrás para contemplar as torres da cobiza  
entre a brétema dos séculos,

os cadaleitos ulcerados por unha paixón inútil,

os cálices coa súa ofrenda de sangue aniquilado.

Tal vez o inferno sexan os outros, sempre outros empeñados  
nunha conflagración de tigres indemnes,



os outros cuspiendo queimaduras da alma coma traidoras anémonas  
que axudan a construír un inmenso xardín escuro,

os outros que somos nós entre o desamparo e o conflito.

Tal vez Orfeo só sexa un de nós,

un máis, un calquera

que se pregunta se é posible recuperar o amor (prodixio  
tanxencial baixo a ilusión do definitivo) no inferno  
propagado do mundo,

entre as espadas anatómicas da carraxe,

entre os naufraxios ansiolíticos da medianoite que deixan un  
recendo de palabras profanadas,

trala dor horizontal dos anxos esgotados, mutilados, caídos.



Así é o amor,

como un tiburón eslumeante asexado polo prodixio lento da  
lepra.

Así Eurídice, a revelación que une planetas distantes.

É a muller que se esvaece tralas lápidas que honran a desidia  
córnea dos defuntos.

Ela é o Ideal atrapado pola Morte,

un ideal branquísimo, incauto, vidrado, convertido en labio,  
en beizo remoto, en peito debullado de violíns, en  
man fermentada polo bico prateado das parteiras.

Peró non mires atrás, Orfeo,

non tentes crebar as regras ilesas da morte, a súa violencia  
de sumidoiro inextinguible, por máis que procedas  
dunha estirpe heroica

É imposible desafiar o destino desde a debilidade humana,  
desde o ímpeto equinoccial da sospeita.

Non mires atrás



ou nunca lograrás cicatrizar as feridas de sangue e amatista  
que coruscan na mente co cónchego metafórico dos  
cangrexos.

Quen baixa aos infernos non pode regresar intacto. As ondaxes  
da memoria atraen insectos xeolóxicos desde as  
galerías máis fedorentas do tempo.

Xa só che queda entoar o *De profundis* entre os vapores do  
láudano

como unha liturxia wildeana que decora a túa sede de  
trascendencia, a túa inspiración perdida, Orfeo,  
eterno poeta que convertes a derrota nun monumento de  
humillante liberdade e de beleza.

Eurídice non só era o Amor. Era a Esperanza.